

ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS. A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS

1) ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Os prexuízos lingüísticos son as preferencias ou rexeitamentos que sentimos por fonemas, palabras ou linguas enteiras. Os estereotipos lingüísticos son as crenzas simplificadoras sobre as linguas e os seus falantes.

En sociedades multilingües os prexuízos poden afectar a linguas enteiras que cargan eses valores aos grupos que as falan. Así, unha lingua gozará de prestixio se o grupo que a fala posúe prestixio e carecerá del se o grupo que a fala é visto negativamente.

Na sociedade galega, como consecuencia do conflito lingüístico e do bilingüismo diglósico, difundíronse estereotipos negativos que afectan non só a trazos do galego como as vogais semipechadas, a entoación, a gheada e o seseo, senón tamén á propia lingua galega que se caracteriza como simple e incompleta, que soa mal, inútil para as necesidades da vida moderna...etc. fronte o castelán, caracterizado como lingua completa, moderna e cosmopolita. Entre estes estereotipos que afectan a toda a lingua figuran:

- . O galego non ten gramática e non serve para a necesidades da vida moderna; íllanos da cultura universal e encérranos en Galicia.
- . Os que queren normalizar o uso do galego impoñenllo ao resto.
- . O castelán, pola contra, é a lingua común que nos une e que, polo tanto, nos abre as portas do futuro.

Todas estas crenzas, convenientemente repetidas nos medios de comunicación, acababan sendo cridas por moitos galegofalantes, quen rematan por desprezar e abandonar a súa lingua.

2) A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS

Nunha situación de diglosia sucede, ás veces, que os falantes consideran que a lingua propia non ten a categoría ou importancia da outra lingua. Isto é así porque a lingua nai, aquela na que aprenderan a falar, non é a lingua coa que se atopan nos centros de ensino. Isto sucedeu durante moito tempo en Galicia, sobre todo no rural onde os rapaces ían á escola falando galego e atopábanse con que a mestra e os libros utilizaban o castelán, polo que moitos galegos, durante moito tempo, pensaron que o castelán era unha lingua máis importante que o galego. Nestes casos, ademais, soe suceder que a lingua nai é a falada por individuos que pertencen ás clases baixas, mentres que a outra lingua é a falada polas clases altas. Isto leva a que aquelas persoas que queren progresar na xerarquía social intenten falar a lingua que consideran socialmente superior.

En Galicia durante moito tempo (quizais aínda hoxe) os que querían progresar utilizaban o castelán. Os rapaces saían da casa falando galego, pero na escola atopábanse co castelán como única lingua de cultura. Os emigrantes, que unha vez de regreso na casa entendían que a súa situación social mellorara, falábanlles aos seus fillos en castelán. Este factor psicosocial aínda segue a actuar no subconsciente de moitas mentes galegas que consideran que o castelán é máis importante que o galego. Estes prexuízos teñen unha repercusión clara nos usos lingüísticos do galego, lingua en proceso de normalización que debe superar estas dificultades para acadar o seu obxectivo.